

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2011

SRES. ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS

D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ

DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO

D. LUIS GARRIGOS VILLALBA

DONA MARÍA ELENA SUÁREZ
SARMIENTO

D. ANTONIO CARBALLO BRIANES

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA FLORA M^a A. RODRIGUEZ
BARREIRO

D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA

D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

D. XOSÉ CASTRO RATÓN

DONA ANA I. LORENZO FRAGA

D. XURXO C. ABUÍN RODRÍGUEZ

D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO

D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

SECRETARIA:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezasete horas do día 26 de setembro de 2011, baixo a Presidencia de D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ, e coa asistencia da Secretaria Dona Rosa Losada Suárez reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 18 de xullo e 24 de agosto de 2011.
2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dos meses de xullo e agosto de 2011.
3. Dar conta dos informes de Tesourería e Intervención do Concello e da FPSDM contemplados na Lei 15/2010, de modificación da Lei de medidas contra a morosidade nas operacións comerciais.
4. Dar conta da liquidación do orzamento do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2010.
5. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2010.
6. Aprobación, se procede, da solicitude e concertación de operación de endebedamento ao abeiro da liña ICO-Entidades Locais (RDL 8/2011).
7. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais (piscina).
8. Aprobación, se procede, do reaxuste das anualidades da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio para a revisión do PXOM
9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG sobre as devolucións correspondentes ás liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado.
10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG sobre a derogación da orde pola que se aproban os prezos medios no mercado de

determinados inmuebles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011.

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal do PP para adiar as liquidacións negativas correspondentes á participación nos ingresos do Estado.
12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal de EU sobre a convocatoria dun referendo para a reforma constitucional.
13. Aprobación, se procede, da comparecencia da Concelleira Delegada da Área de Cultura, Dona Angeles Rodríguez Barreiro.
14. Interpelacións.
15. Rogos e preguntas.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 18 DE XULLO E 24 DE AGOSTO DE 2011..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas, comezando pola de data 18 de xullo de 2011.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade as actas de 18 de xullo e 24 de agosto de 2011.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2011..- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións emitidas pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE XULLO DE 2011:

- 45.- Concesión de licenza de obra menor.
- 11.- Concesión de licenza para acometida e conexión a redes de auga e/ou saneamento.
 - 1.- Cambio de titularidade de licenza municipal de obra maior.
 - 1.- Desestímato de solicitude de licenza de obra menor.
- 6.- Concesión de licenza de obra maior.
 - 1.- Aceptación de cesión de terreos afectados por aliñacións.
 - 1.- Concesión de licenza municipal de apertura.
- 1.- Declaración de caducidade de expediente actividades clasificadas e arquivo do mesmo.
- 3.- Concesión de licenza de actividades clasificadas.
 - 1.- Informe favorable concesión licenza actividades clasificadas e remisión expte. a Delegación Provincial.
- 52.- Desestimación de alegacións formuladas contra expedientes sancionadores de tráfico.
- 33.- Declaración de sobresemento de actuacións en expedientes sancionadores de tráfico.
- 23.- Declaración de prescrición de infraccións tráfico.
 - 2.- Imposición de sancións por infraccións de tráfico.
 - 1.- Declaración de terminación de procedementos sancionadores de tráfico.
 - 1.- Disposición de destino de vehículos a centro autorizado de recepción e descontaminación de vehículos.
 - 1.- Delegación de sinatura da Alcaldía nas Concelleiras Dona Elena Suárez Sarmiento e Dona Rocio Llovo del Río.
 - 1.- Acoller ao Concello ao réxime de concesión de subvencións regulada pola Orde CUL/1880/2011.

- 1.- Aprobación de modificación do Regulamento e folia de inscrición da VIII Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía.
- 6.- Orde representación e defensa de intereses do Concello exercida por letrado en procedementos xudiciais.
- 1.- Remisión de expediente administrativo a Xulgado do Cont. Adtvo. nº 1 de Pontevedra.
- 4.- Requirimento de presentación de informe-ditame de seguridade para acreditar conservación edificio.
- 1.- Estimación de recurso de reposición contra resolución de imposición de multa coercitiva.
- 1.- Desestimación de recurso de reposición interposto contra expte. de reposición de legalidade urbanística.
- 2.- Autorización para celebración de concertos ao aire libre.
- 1.- Requirimento para adopción medidas para evitar rúidos en establecemento.
- 1.- Aprobación de gasto relativo á taxa por publicación do anuncio no BOP.
- 1.- Bases xerais para a selección de traballadores/as desempregados/as do programa de Cooperación Local 2011.
- 1.- Designación de Secretario Xeral Accidental.
- 1.- Designación de Tesoureiro Accidental.
- 1.- Designación de Xefe Accidental do Servizo de Alumado Público.
- 1.- Designación Xefa Accidental da Sección de Rendas.
- 1.- Concesión de gratificación especial a funcionario por substitución.
- 1.- Nomeamento de funcionaria interina a tempo completo Auxiliar Administrativo.
- 1.- Delegación de presidencia das Comisións Informativas Permanentes.
- 5.- Concesión de tarxeta de armas.
- 1.- Recoñecemento e abono en nómina de servizos en domingo.
- 1.- Recoñecemento e abono en nómina de servizos en xornada nocturna.
- 1.- Aprobación de transferencias de crédito nº 12/T/2011.
- 5.- Recoñecemento de obrigacións.
- 9.- Orde de pago de facturas.
- 1.- Apertura de conta corrente de ingresos e pagos en NOVACAIXAGALICIA.
- 3.- Concesión de fraccionamento de débeda.
- 1.- Revogación de resolución compensación de oficio de débitos e créditos.
- 16.- Compensación de débito e crédito.
- 6.- Orde de limpeza de maleza en predio.
- 3.- Orde de exhumación de restos mortais.
- 7.- Autorización para celebración de verbenas populares gratuitas.

TOTAL: 270

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE AGOSTO DE 2011:

- 1.- Concesión de licenza provisional de expediente actividades clasificadas.
- 1.- Declaración de caducidade de expediente de actividades clasificadas.
- 1.- subrogación solicitada no expediente de licenza municipal de apertura/actividade.
- 4.- Cesión de terreos para inscrición no Rexistro da Propiedade.
- 6.- Concesión de licenza municipal para acometida e conexión á rede de auga e/ou saneamento.
- 1.- Concesión de licenza de primeira ocupación e acometida e conexión á rede de auga e/ou saneamento.
- 1.- Concesión de prórroga para remate de obra maior.

- 1.- Conformidade a proxecto de execución de vivenda unifamiliar.
- 6.- Concesión de licenza de obra maior.
- 1.- Denegación de licenza municipal de obras.
- 28.- Concesión de licenza de obra menor.
- 3.- Constitución de tribunal para proceso selectivo.
- 1.- Realización tarefas de coordinación do SPAD en substitución da titular.
- 1.- Designación de Xefa Accidental da sección de Rendas.
- 1.- Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en domingo.
- 1.- Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en festivos non domingos.
- 1.- Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna.
- 1.- Designación de Interventora Accidental.
- 13.- Nomeamento de funcionario interino como profesor/a Escola Municipal de Música.
- 4.- Concesión de gratificación especial por diferenza de retribucións.
- 1.- Desestimación de reclamación cobro de gratificación ao 100% durante período baixa IT.
- 1.- Orde limpeza baixo e arranxo cerre ou tapiado local.
- 1.- Orde arranxo muro de cerre mantendo condicións de seguridade.
- 2.- Orde de execución valado provisional de parcela para garantir seguridade e salubridade.
- 1.- Orde eliminación de muro en mal estado.
- 1.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 1.- Desestimación de recurso de reposición contra resolución de orde de reparación de deficiencias.
- 1.- Orde retirada de instalación colocada para tapar ocios abertos en edificio.
- 7.- Orde de presentación de informe-ditame de seguridade.
- 1.- Aprobación de gasto taxa por publicación anuncio no BOP.
- 1.- Admisión a trámite de expediente actividades clasificadas.
- 2.- Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade.
- 1.- Inscripción de can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
- 1.- Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos.
- 2.- Desestimación de recurso de reposición conta liquidacións ICIO e taxas licenzas urbanísticas.
- 4.- Recoñecemento de obrigacións.
- 1.- Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria nº 7/X/2011.
- 3.- Aprobación de expedientes de Modificación de créditos de transferencias de créditos nº 13, 14 e 15/T/2011.
- 1.- Deixar sen efecto expedientes nº 2/X/2011 e nº 4/T/2011.
- 1.- Recoñecemento de obrigación aportación Plan de Pensións do mes de xullo.
- 10.- Orde de pago de facturas.
- 1.- Aprobación de orzamento estimativo para celebración das Festas do Verán Vilagarcía – San Roque 2011.

TOTAL: 122

O Concello Pleno queda sabedor.

3.- DAR CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN DO CONCELLO E DA FPSDM CONTEMPLADOS NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Pola Sra. Secretaria dáse

lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e informe da Intervención Municipal, do segundo trimestre de 2011, emitidos segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O informe da Interventora indica que no segundo trimestre de 2011 a relación de facturas, con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento de obriga, ascende á contía de 279.678,33 €.

O informe da Tesoureira pola súa parte sinala que as facturas/certificacións de obra rexistrados/expedidas con anterioridade ao 12 de maio de 2011, contabilizadas e que figuran como pendentes de pago, incumprindo o prazo de 50 días fixado pola Lei 15/2010, ascenden á contía de 1.282.053,21 €. e que as obrigas recoñecidas pendentes de pago a 22/07/2011 ascenden á cantidade de 5.008.685,85 €.

Así mesmo fai constar que as facturas pagadas fóra de prazo ascende á contía de 163.107,42 €.

Polo que respecta á Fundación de Deportes no 1º trimestre de 2011 (31/03/2011) as obrigas pendentes de pago incumprindo o prazo de 50 días ascenden a 170.673,06 € e a 30/06/2011 ascenden a 202.444,84 €.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

4.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2010.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Pola Sra. Secretaria dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 28 de xullo de 2011, relativa á aprobación da liquidación do Presuposto do Concello de Vilagarcía, correspondente ó exercicio de 2010 e do Informe da Intervención Municipal do que se desprende o seguinte:

“RESULTADO ORZAMENTARIO DO CONCELLO:

<i>Dereitos recoñecidos netos</i>	<i>28.658.936,92 €</i>
<i>Obrigas recoñecidas netas</i>	<i>30.114.553,80 €</i>
<i>Resultado orzamentario</i>	<i>- 1.455.616,88 €</i>
<i>Desviacións positivas de financiamento</i>	<i>1.377.187,99 €</i>
<i>Desviacións negativas de financiamento</i>	<i>1.478.626,38 €</i>
 <i>Resultado Orzamentario Axustado</i>	 <i>- 1.354.178,49 €</i>

O remanente de tesourería, elaborado segundo determina o artigo 101 do R.D. 500/90 de 20 de abril, ofrece un saldo de 7.177.538,73 €, existindo saldo de dubidoso cobro, por importe de 3.057.020,85 €, estando afectos a gastos con financiamento afectados 7.924.763,17 € e o Remanente para gastos Xerais é de -3.804.245,29 €.

RESULTADO ORZAMENTARIO DA F.P.S.D.M.:

Dereitos recoñecidos netos	1.004.068,48 €
Obrigas recoñecidas netas	929.756,22 €
Resultado orzamentario	74.312,26 €
Desviacións positivas de financiamento	0,00 €
Desviacións negativas de financiamento	0,00 €
Gastos financiados con Rem. Líquido Tª	120.174,74 €
Resultado Orzamentario Axustado	194.487,00 €.

O remanente de tesourería ofrece un saldo positivo de 283.767,10, existindo saldo de dubidoso cobro por importe de 2.828,75 € non habendo gastos con financiamento afectado.”

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2010.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

A Comisión informativa de Xstión Económica-RR-HH e Especial de Contas na súa sesión de 22 de agosto de 2011, dictaminou o seguinte:

“Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de agosto de 2011 do seguinte teor:

ASUNTO: INFORME DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2010.

A conta xeral do exercicio 2010, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde EHA/4041/2004 do Ministerio de Economía e Facenda, do 23 de novembro de 2004, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, en adiante ICAL. Reglas 97 a 104.
- Orde do 20 de setembro de 1989 pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 97 a 104 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

I. O balance:

	2006	2007	2008	2009	2010
BALANCE					
ACTIVO					
ACTIVO FIXO	62.805.008,56	64.845.966,46	68.436.046,17	75.659.925,11	80.899.909,28

ACTIVO CIRCULANTE	12.956.191,63	17.922.320,66	17.489.556,78	14.064.820,66	14.749.689,42
DEBEDORES C/P	3.980.064,68	3.894.268,11	4.833.680,28	5.292.912,34	6.351.413,35
DISPONIBLE	8.976.126,95	14.028.052,55	12.654.507,62	8.771.908,32	8.352.894,89
TOTAL ACTIVO	75.761.200,19	82.768.287,12	85.925.602,95	89.724.745,77	95.649.598,70
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	64.243.035,72	74.916.805,92	77.148.105,85	81.134.144,30	84.562.896,58
FONDOS PROPIOS	51.288.331,94	56.503.017,24	58.891.962,12	61.926.862,60	64.835.266,43
Pasivo l/p	12.954.703,78	18.413.788,68	18.256.143,73	19.207.281,70	19.727.630,15
Pasivo circulante	11.518.164,47	7.851.481,20	8.777.497,10	8.590.601,47	11.098.782,81
TOTAL PASIVO	75.761.200,19	82.768.287,12	85.925.602,95	89.724.745,77	95.661.679,39
FONDO MANIOBRA	35%	50%	55%	62%	57%

II. CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflicta un Beneficio total por importe de 2.908.403,83 EUROS.

III. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

a. RESULTADO ORZAMENTARIO:

o resultado orzamentario axustado que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2010 é NEGATIVO con un importe de -1.354.178,49, co seguinte desglose:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	26.983.454,39
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	23.185.290,67
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións non financeiras (Cap. VI e VII)	3.798.163,72
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	43.512,30
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	1.631.970,23
Total dereitos recoñecidos	28.658.936,92
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	28.397.423,71
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	23.101.951,24
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións non financeiras (Cap. VI e VII)	5.295.472,47
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	43.512,30
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	1.673.617,79

Total obrigas recoñecidas	30.114.553,80
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	-1.455.616,88
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	0
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	1.478.626,38
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	1.377.187,99
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	-1.354.178,49

b. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

o remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2010 desagregase do seguinte xeito:

1. Fondos líquidos	8.349.252,66
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	8.198.242,38
2.a. Do orzamento corrente	2.170.632,60
2.b. De orzamentos pechado	6.526.146,89
2.c. De operacións non orzamentarias	16.629,39
2.d. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	515.166,50
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	9.369.956,31
3.a. Do orzamento corrente	7.423.678,08
3.b. De orzamentos pechados	762.796,40
3.c. De operacións non orzamentarias	1.296.845,78
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	113.363,95
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	7.177.538,73
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	3.057.020,85
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	7.924.763,17
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-3.804.245,29

Visto o Informe de Intervención de data 28 de xullo de 2011 (ref. CV 360/2011) relativo á Liquidación do orzamento para o exercicio 2010 así como o Informe da Conta Xeral 2010 con referencia CV 389/2011.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG. Por todo o exposto esta alcaldía propón a comisión Informativa especial de Contas adoptar o seguinte INFORME en relación coa Conta Xeral correspondente ó exercizo 2010: Informar favorablemente a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2010 integrada polos estados e documentos contables da Corporación.

Asemade dáse conta da Liquidación do presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa do ano 2010 co seguinte resultado:

RESULTADO ORZAMENTARIO:

Dereitos recoñecidos netos 1.004.068,48€

Obrigas recoñecidas netas 929.756,22€

Resultado orzamentario 74.312,26€

Desviacións positivas de financiamento 0,00€

Desviacións negativas de financiamento 0,00€

Gastos financiados con remanente líquido Tesourería 120.174,74€

Resultado orzamentario axustado 194.487,00€

O resultado presupostario ascende a 194.487,00€ e o remanente de Tesourería e positivo por importes de 283.767,10€, existindo saldo de dudoso cobro, por importe de 2.828,75€ e, non considerándose desviacións de financiamento ao non contar con financiamento afectado.

Sometido a votación da o seguinte resultado:

As/os representantes dos Grupo Políticos Municipal do PP informan favorablemente. As/os representantes dos grupos Políticos Municipais do PSOE, BNG, EU-IU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstéñense. Polo que por maioría informase favorablemente a conta xeral do Concello e do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais correspondente ao exercicio de 2010.

Como consecuencia procede:

1- Mediante edicto no BOP a conta xeral exporase publicamente durante un prazo de quince días, co fin de que durante este tempo e oito días máis se poidan presentar por escrito as reclamacións, as emendas e as observacións oportunas, que serán resoltas, de ser o caso, pola mesma comisión Especial de Contas.

2- De no presentarse reclamacións proponse ao Pleno a aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2010, así como da documentación complementaria.

3- Que se remita a dita Conta da Corporación ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

A Sra. Interventora indica que existe un erro no informe da Intervención Municipal, nas obrigas pendentes de pago que ascenderían a 9.369.056,31 € e polo tanto o índice de liquidez sería do 89,11€ e o índice de solvencia sería de 1,76602, ambos para o ano 2010.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstéñense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación da Conta Xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2010.

- Intervén o Sr. Pardal García dicindo que para dar curso e proceder á rendición da Conta Xeral ao Consello de Contas, con data 18 de agosto procedeuse a convocar a Comisión Informativa, que se celebrou o 22 de agosto.

Procedeuse despois á súa exposición pública, mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, e oito mais, durante os que os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimaran oportunas.

Transcorridos estes prazos legais e non presentándose ningunha reclamación, reparo ou observación, esta Conta Xeral é sometida hoxe ao Pleno da Corporación para, de ser aprobada, poida ser terminado o trámite legal antes do 1 de outubro, para posteriormente ser remitida ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas antes do día 15 de outubro.

A Modo de resumo, a Conta Xeral presentada mostra os seguintes resultados:

O balance de situación mostra a situación patrimonial ó peche do exercicio, estruturándose a través de dúas masas, activo e pasivo.

Da análise de dito balance cabe destacar a diminución progresiva do circulante nos catro últimos anos, e no aumento dos debedores a curto prazo en 2.508.181,34 €.

Por outro lado hai que destacar a diminución do fondo de manobra que pasa de 10.070.839,46 € no ano 2007 a 3.650.906,61 no 2010, situación que ven directamente relacionada coa diminución do circulante anteriormente citado, ademais do importantísimo incremento de debedores. Así, tendo en conta o activo circulante total entre pasivo e circulante a curto, a porcentaxe pasa dun 56,19€ no ano 2007 a ser dun 24,75% no 2010, é dicir, prodúcese un deterioro dun 31,44%. Esta magnitude representa os fondos líquidos, ou que poderían ser realizables a curto prazo, e as obrigas ás que tería que facer fronte neste curto prazo.

En canto ao endebedamento, de análise do pasivo esixible podemos concluír que se produce un deterioro no endebedamento a curto prazo, incrementándose un 3,25% con respecto a 2009, e salientando que é no propio exercicio de 2010 cando se rompe á alza, cunha tendencia situada ó redor do 14% nos anos 2007, 2008e 2009, pasando ó 17% neste último ano, debido ó incremento do 29,20% das débedas a curto prazo anteriormente indicadas.

Por outra banda, o endebedamento total aumenta en 3.028.529,79%, o que representa un 15,77% con respecto ó exercicio anterior, debido ó efecto amortiguador que supón manter practicamente inalterable a débeda a longo prazo. Relacionado o endebedamento total entre o número de habitantes, a cifra sitúase nos 820,38 € por habitante, o que representa un incremento do 12% con respecto a 2009.

A capacidade de solvencia a curto prazo ven definida pola análise do fondo de manobra, o cal foi exposto anteriormente, sendo os índices mais comúns manexados para coñecer a solvencia curto prazo, o índice de liquidez inmediata e o índice de solvencia.

O índice de liquidez inmediata indica a capacidade que ten o Concello para facer fronte de forma inmediata ás súas obrigas. A este respecto os datos móstrannos que do ano 2007 ó 2010 este índice diminúe practicamente á metade (un 97,17%), pasando dun 187,30% a situarse nun 89,11%, o que indica que as obrigas neste momento son superiores ós fondos líquidos cos que se lles pode facer fronte nun 10,89%, ou o que é o mesmo en 678.514,11€.

O índice de solvencia, que determina a capacidade que tería o Concello se cobrase tódolos dereitos pendentes de cobro e os sumase ós fondos líquidos para facer fronte ás obrigas, pasa dun 2,24 no ano 2009 a ser dun 1,77 no 2010, o que indica que a pesar da súa diminución, aínda sería posible atender todas as obrigas.

En canto ó resultado económico-patrimonial obtido a través da Conta de Resultados Económicos do exercicio, que analiza fundamentalmente os grupos contables 6 e 7, é dicir, ingresos e gastos, e non ten que coincidir (e de feito non coinciden) cos de carácter orzamentario, xa que non se poden contabilizar aqueles gastos que non teñen consignación orzamentaria, pero que sí son gasto.

A conta do resultado económico-patrimonial do exercicio reflicte un beneficio ou aforro, de 2.908.403,83€, o cal haberá que ter en conta coas consideracións anteriores así como a ausencia de dotación para amortización do inmovilizado, e o feito de que estean contabilizados uns ingresos de 3.792.187,72 € por transferencias de capital para obras que

van dirixidas a inmovilizado, e polo tanto teñen a súa contrapartida nunha conta de gasto. Dito beneficio diminúe con respecto a 2009 en 3.030.841,48 €.

En canto á liquidación do orzamento correspondente ó ano 2010, indicar que o resultado do mesmo é negativo en -1.455.616,88 € pois os dereitos liquidados no exercicio foron de 28.658.936,92 € e as obrigas recoñecidas de 30.114.553,80 €, e polo tanto foron superiores as obrigas netas que os dereitos netos.

Este resultado unha vez axustado polas desviacións de financiamento negativas e positivas no exercicio dan un resultado axustado do orzamento de -º.354.178,49 €.

O Remanente de Tesourería para gastos xerais é un saldo que indica ó final do exercicio a solvencia ou capacidade económica que ten o Concello para afrontar as súas débedas. Para elo cuantifícanse os fondos líquidos, que son de 8.349.252,66 €, dos dereitos pendentes de cobro, que son 8.191.242,38 €, restando a todo elo as obrigas pendentes de pago que son de 9.369.956,31€, resultando así un remanente de tesourería total de 7.177.538,73 €. A esta cantidade deberánselle restar os saldos de dubidoso cobro, que ascenden a 3.057.020,85 €, así como o remanente de tesourería afectado a gastos, debido á suma das desviacións de financiamento positivas acumuladas, que son de 7.924.763,17 € dando así un resultado negativo de -3.804.245,29 €.

Se temos en conta que no ano 2007 este remanente de tesourería neto era de 1.556.487,37 € positivo, no ano 2008 era de -566.585,50 negativo e no ano 2009 de 1.179.362,43 € negativo, pódese extraer como conclusión que non se tomou ningunha das medidas necesarias e contempladas na lexislación para corrixir e sanear ese remanente negativo.

Dada a situación actual, esta medida correctora deberá ser acometida nun período que deberá ir mais alá do próximo exercicio debido á elevada contía do déficit, debendo establecerse un plan de saneamento que afecte ós tres próximos anos.

En canto ó aforro neto legal, indicar que o mesmo é negativo en 1.628.112,48 €.

Polo que respecta á Fundación de Deportes, como órgano dependente, indicar que o resultado económico-patrimonial é de beneficio na contía de 74.916,47 € e o Remanente de Tesourería é positivo por importe de 283.767,10 €.

Os datos expostos mostran a situación económica-patrimonial do Concello a 31 de decembro de 2010, que lonxe de ser boa, está formulada a base de principios e normas contables que as avalan, polo que aprobalas non significa estar de acordo cos resultados obtidos, senón con que a súa tramitación legal sexa realizada por considerar que cumpre os preceptos recollidos nas normas que lle son de aplicación e nos principios contables públicos.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que estamos falando da Conta Xeral 2010, que corresponde ao mandato do bipartito, e por tanto a toro pasado, polo que de pouco vale agora debater sobre o contido ou os seus resultados, pero si manifestar que non se fixo caso aos seus consellos de austeridade e conseguintemente, chegouse a unha situación de afoego económico.

Aínda que os resultados e a xestión financeira do Concello nos poder servir de experiencia do que non se debe nin se pode facer no futuro, e unha seria advertencia ao Goberno actual, pero é que, na súa opinión, o actual executivo debería ter sometido a debate da Corporación (como fixo fai catro anos o bipartito) o Orzamento de 2011. Non se debe esquecer que ás portas do 2012 estase traballando cun orzamento prorrogado do ano 2009, e elo tería mitigado, polo menos en parte, a actual situación, pese á súa gravidade.

¿Que se pode opinar? Que a situación é abafante, que hai que tomar medidas, que hai que insistir na austeridade, en recortar o gasto, pero non soamente con frases mais ou menos lucidas, senón con decisións firmes, contrastables e efectivas.

Non se cansará de repetir que queda unha única solución: Recortar o gasto corrente mediante unha estrita política de austeridade. Estase nunha encrucillada que require decisións valentes. En outro caso, pódese entrar en situación de quebra técnica que tanto denunciaba o Sr. Fole dende a oposición.

Da liquidación orzamentaria de 2010 destaca o seu déficit, o que quere dicir que as obrigas (é dicir os gastos) superan os dereitos de cobro.

O aforro neto é negativo, como tamén negativa a capacidade de financiamento ou estabilidade orzamentaria. Negativo tamén o remanente de Tesourería para gastos xerais.

O endebedamento total do Concello é do 87%, polo que se rebase o límite máximo do 75% fixado polos Orzamentos Xerais do Estado e se se aproba polo Pleno a Operación de Crédito la liña ICO que se debaterá no seguinte punto da orde do día, o endebedamento ascendería ao 101%.

Sacando as cifras da Conta Xeral, e moi preocupante a débeda do Concello con entidades de crédito a longo prazo (20.240.319,47 €) e do balance de situación destaca a cifra de 10.410.463,51 € de acredores a curto prazo, cantidade na que se inclúen provedores, administracións públicas, Facenda, Organismos de previsión social, etc.

En canto ao ratio de endebedamento por habitante foi medrando nos últimos anos e de 680,17 € no 2006 pasouse a 820,37 en 2010, o que da imaxe da situación que soportamos.

Por todo elo, o Grupo Municipal de IVIL estima que deberán seguirse estritamente as recomendacións de Intervención que aparecen no apartado do informe da Liquidación do Orzamento de 2010, en canto á estabilidade orzamentaria por ser negativa, é dicir, redactar os seguintes documentos:

- Plan de saneamento financeiro.
- Plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo máximo de 3 anos, e
- Aplicación de medidas para saldar o remanente de Tesourería negativo, é dicir, recortar o gasto corrente.

En outro orde de cousas, dicir que esixe unha maior transparencia e diálogo na xestión municipal, principalmente no que á situación financeira se refire.

Indica que ten un escrito solicitando o estudo de auditoría e informes para dispor de información mais ampla e detallada.

O Alcalde lle contestaba que lle remitía a Conta Xeral e que para calquera aclaración se dirixa ao Departamento de Intervención, polo que segue sin contestación ao que solicitaba.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle entregou ao Sr. Rivera fai un mes a Conta Xeral e lle contestou aos seus escritos. Ten toda a información que está no informe da Interventora sobre a Conta Xeral e a propia Interventora lle lo explicou de forma detallada.

- Intervén o Sr. Rivera dicindo que de 25 escritos presentados se lle contestaron 3 de modo ambiguo, e solicita ese informe que o Alcalde filtra aos medios de comunicación sobre temas económicos.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que se ve o talante real do Grupo de Goberno.

Respecto da Conta Xeral EU non pensa se déficit si ou déficit non, e asumible unha administración con déficit, hai uns datos económicos preocupantes, o malgasto anterior non deu maiores servizos nin unha Vilagarcía mellor.

Non hai un Centro de Día Público, nin xeriátrico público, etc., e iso fronte a un mal gasto público en parques e parkings malos.

¿Cal é o plan de saneamento? O que fan en Madrid, a Xunta de Galicia, etc. Non fixeron un plan de saneamento no soldo do Alcalde e Concellerías liberadas.

¿Que van a facer cos ingresos? ¿Van a pagar mais os que mais teñen?

Pregunta en que consiste o plan de saneamento, se van a facer a auditoría, que vai a pasar coas taxas, co orzamento, praia fluvial, plan de mobilidade, agora o Alcalde non pode escudarse no pasado, cen días despois non fixeron nada, iso si, regalaron Fexdega á Xunta de Galicia.

Pregunta como van a acometer esta situación económica municipal e se contempla un ERE para a plantilla municipal.

Indica que o Grupo de Goberno debe dicir o que vai facer con cuestións concretas.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que existen diferencias entre o BNG e o PP xa que con respecto ás contas do 2009 o PP votou en contra e agora o BNG votará a favor.

Os números permiten moitas lecturas, o Pleno aprobou reducións nas partidas do orzamento para conxugar os deficits no mes de febreiro de 2011. Hai datos anecdóticos. Para Luz Salgada no seu día pediuse autorización á Consellería de Facenda para pasar do 110% de endebedamento, hoxe está a débeda no 87%.

A situación é a típica dos Concellos de afogamento económico que deriva dun financiamento inxusto.

O resultado económico da conta do 2010 é a herdanza dese financiamento inxusto. O resultado negativo da Tesourería en máis de 3.000.000 € a maioría correspondente a tributos de dubidoso cobro. Os informes da Recadación Municipal indican que esa porcentaxe é moi elevada e se debe á aplicación de datos técnicos que estan nas bases de execución do orzamento, eses 3.000.000 € están aí para recadalos, e dese xeito ese déficit xa non ten esa dimensión.

Existe un aspecto que engloba a liquidación, as facturas pendentes de pago en 5.000.000 de € hai entre 5 e 10 millóns no banco e pode dicir que nada teñen que ver cos recursos ordinarios pero hai o principio de caixa única que permite utilizar por exemplo os cartos de Luz Salgada e se non se utilizan eses recursos e porque non hai valentía política.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE facilitará a aprobación da Conta Xeral pero quere aclarar que o PP cando empeza a gobernar difunde a alarma da situación económica das administracións. Fálase de quebra técnica, de taxas e impostos. O Concello mais endebedado é o de Madrid, e o de Vilanova de Arousa supera no déficit ó de Vilagarcía.

Pide cautela e prudencia con respecto á situación económica do Concello, o PSOE está disposto a colaborar nun plan de saneamento municipal e a modo de valoración do informe de Intervención, fálase dun incremento patrimonial de 2,9 millóns de euros.

Reitera que facilitarán a aprobación pero as declaracións deben ser obxectivas.

- Intervén o Alcalde dicindo que considera o asunto debatido e quere facer unha reflexión. Os números teñen moitas lecturas e o Sr. Castro RATón pon argumentos, pero todos os ratios económicos actuais son negativos e o anterior Goberno non presentou os orzamentos dende o ano 2007.

Á Sra. García Sanmartín dicirlle que hai formas de interpretar os números, o Grupo de Goberno presentou aos grupos políticos a situación actual a través dun exercicio pechado, pero hai facturas non aprobadas do Goberno anterior.

O PP leva 100 días, e pregunta ao Sr. Castro Ratón porque non puxo en marcha esas medidas que el ve tan positivas.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezaoito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (10), PSdeG-PSOE (5) e BNG (3) e tres abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de EU (2) e IVIL (1),

ACÓRDASE: Aprobar con carácter definitivo, a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2010 así como a documentación complementaria.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE E CONCERTACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO AO ABEIRO DA LIÑA ICO-ENTIDADES LOCAIS (RDL 8/2011).-

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe da Intervención Municipal, do teor seguinte:

REF:CV-433/2011

**CUMPRIMENTO REQUISITOS DO RDL 8/2011 LINEA ICO
PARA CANCELACIÓN DE DÉBEDAS CON EMPRESAS E AUTÓNOMOS.**

Remitido a esta Intervención expediente de solicitude ao Instituto de Crédito Oficial dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 1.323.401,66 €, para a súa inclusión na liña de financiamento de cancelación de débedas das Entidades locais con empresas e autónomos, creada sobre a base do establecido no artigo 4 do Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, por esta Intervención, de conformidade co establecido no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítese o presente

INFORME:

1.- Primeiro: O artigo 4 do Real Decreto- lei 8/2011, da 01 de xullo, establece a posibilidade de que as Entidades Locais, con carácter excepcional, poidan formalizar operacións de crédito a longo prazo para permitir a cancelación das súas obrigas pendentes de pagamento con empresas e autónomos, derivadas da adquisición de subministracións, realización de obras e prestación de servizos.

O artigo 9.1 do Real Decreto- Lei 8/2011 establece que o procedemento para a inclusión da operación de endebedamento na liña financeira se inicia mediante a solicitude aprobada polo Pleno da Corporación Local, co informe favorable da Intervención da entidade Local que deberá pronunciarse sobre o cumprimento dos requisitos esixidos por esta norma.

2.- Segundo: Consta a aprobación da liquidación do presuposto do exercicio 2010 mediante resolución da presidencia de data 28/07/2011.

3.- Terceiro: O importe da operación de crédito solicitada na contía de 1.323.401,66 €, non supera o importe máximo ao que se refire o artigo 6 do citado Real Decreto- lei 8/2011.

O importe máximo calcúlase considerando que o principal da operación de endebedamento máis os intereses estimados, non supere o 25 por cento do importe neto anual das entregas a contas da participación da entidade local en tributos do estado do ano 2011.

O préstamo se formaliza a un prazo de tres anos, a un tipo de xuro máximo do 6,5% TAE, sistema de amortización de termos amortizativos (anualidades) constantes, pagamentos anuais, e importe estimativo dos xuros calculado polo ICO 184.400,30 euros (diferencia entre o 25% da PTE neta para o ano 2011 e o importe máximo a solicitar establecido polo ICO na súa páxina oficial). Sendo a contía anual neta da participación nos tributos do estado para o ano 2011 de 6.146.673,60 €, o importe máximo da operación de endebedamento é de 1.352.268,19 €.

A modo de resumo, teríamos:

CONTÍA ANUAL BRUTA DA PTE PARA O ANO 2011: 6.287.172,60 E.
CONTÍA ANUAL NETA DA PTE PARA O ANO 2011: 6.146.673,60 E.
25% DA CONTÍA ANUAL NETA DA PTE PARA O ANO 2011: 1.536.668,40 E.
25% DA CONTÍA ANUAL NETA DA PTE PARA O ANO 2011 (DESCONTADOS OS XUROS ESTIMADOS POLO ICO): 1.352.268,19 E.
IMPORTE A SOLICITAR POLO CONCELLO: 1.323.401,66 E.

4.- Cuarto: A relación identificativa e detallada das certificacións e documentos acreditativos das obrigas pendentes de pagamento cuxo cumprimento se pretende, ascende ao importe total de 1.323,401,66 €, acompaña o Informe da Tesoureira municipal Ref: 36/2011 de data 16 de setembro de 2011, que empeza con:

Tipo Ident.	Identificación	Nombre y Apellidos/Razón Social	Referencia Factura	Fecha Vencimiento	Importe Factura (IVA incl.)	C.C.C.	CIF Titular Deuda
CIF	B27741792	A PRODUCCIONS ARTISTICAS S., S.L.	6/11	30/04/2011	3.509,18	2080-0150-79-0040011262	P3606000B

e remata con:

Tipo Ident.	Identificación	Nombre y Apellidos/Razón Social	Referencia Factura	Fecha Vencimiento	Importe Factura (IVA incl.)	C.C.C.	CIF Titular Deuda
CIF	B15326036	WURTH, S.L.	62/11	16/03/2011	643,62	0097-8541-28-0500021516	P3606000B

5.- Quinto: As obrigas se corresponden a obras ou servizos entregados con anterioridade a 30 de abril de 2011, e todas elas teñen o seu soporte material en certificacións ou documentos que acreditan a realización total ou parcial do contrato.

Parte das facturas que constan na relación adxunta, tal e como se informou por esta Intervención municipal no momento do recoñecemento da obriga, non cumpren a tramitación establecida na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Sinalar a este respecto que este extremo, se ben é necesario acreditalo como requisito para concertar o préstamo ICO, se contradice sen embargo co espírito de esta liña de financiamento, debido a que no caso de ter que acudir a un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, ningunha das facturas incluídas no mesmo cumpriría co requisito de tramitación conforme a Lei de Contratos, debido a que se trata de facturas que non se poideron imputar a un orzamento determinado precisamente pola falta de consignación orzamentaria e pola ausencia de trámites esenciais no seu día.

Conclusiones:

1.- Se une ao expediente informe da tesourería en relación co cumprimento da orde de prelación establecido no artigo 5.2 do Real Decreto-Lei 8/2011, da 01 de xullo, que establece que a liña financeira se deseñase de forma que posibilite preferentemente a cancelación con

autónomos e as pequenas e medianas empresas, considerando así mesmo a antigüidade das débedas.

2.- De conformidade co establecido no artigo 9.1 do Real Decreto- Lei 8/2011, a solicitude de endebedamento corresponde ao Pleno da Corporación e deberase efectuar con anterioridade ao 1 de decembro de 2011.

3.- Fiscalízase de conformidade a solicitude de endebedamento por importe de 1.323.401,66 €, para a súa inclusión na liña financeira do Instituto de Crédito Oficial creada de conformidade co establecido no Real Decreto-lei 8/2010, ao cumprir ésta os requisitos esixidos polo citado Real Decreto, excepto en relación ao requisito exposto en parágrafos anteriores referente á ausencia de cumprimento nalgunhas das facturas na tramitación dos contratos regulada na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público

4.- No caso que na liquidación do orzamento do ano 2011 e seguintes (ata que non se encontre totalmente amortizada a operación de endebedamento) se obteña remanente de tesourería para gastos xerais negativo, comportará a prohibición de realizar investimentos novos no exercicio seguinte financiados con endebedamento, sexan éstas materiais, inmateriais ou financeiras, directas ou indirectas a través de subvencións concedidas a entidades dependentes.

5.- Aceptada polo Instituto de Crédito Oficial a concertación da operación de crédito, sendo o importe dos recursos ordinarios previstos inicialmente no orzamento do exercicio 2011 (que é o prorrogado do exercicio 2009), de 2.476.380,15, e considerando que non supera o 10% dos recursos ordinarios, a competencia para a concertación da operación de crédito, unha vez autorizada polo ICO, corresponde ao **Presidente da Entidade Local**.

6.- Unha vez aceptada a operación de crédito solicitada polo Instituto de Crédito Oficial, isto supón a adopción de **compromisos de gasto futuro no importe de 1.499.052,93 E** (suma total dos xuros por importe de 175.651,27 € e da amortización) coas seguintes **anualidades**:

Ano	Importe
2012	499.684,31 €
2013	499.684,31 €
2014	499.684,31 €

Estes compromisos de gasto futuros deberán de consignarse nos respectivos orzamentos.

7.- A inclusión da operación proxectada no cálculo da porcentaxe da débeda viva sobre os recursos correntes, sendo os recursos correntes liquidados do ano 2010 de 23.185.290,67 €, e o saldo da débeda viva incluída a operación proxectada, de 21.739.372,40 € da como resultado un **volumen de endebedamento do 94 %**.

Se temos en conta no cálculo do capital vivo as devolucións do PIE correspondentes ás anualidades de 2008 por importe global de 702.495,01 euros(dos que á data de hoxe están pendentes de amortizar 620.537,26 euros), e do 2009 por importe global de 1.075.710,71 euros, **o volumen de endebedamento ascendería ao 101%**

8.- **O AFORRO NETO é negativo (art 53.1 del TRLRHL) por importe de -1.768.611,48 euros**, tendo en conta a ATA da PTE do 2008, o que fai preciso a elaboración dun plan de

saneamento financeiro e un plan económico-financiero de reequilibrio, (non se alcanza o aforro positivo, non se alcanza o obxectivo de estabilidade orzamentaria, non se obtén, segundo os datos da Liquidación do exercicio 2010 (Informe de Intervención Ref CV-360/2011 remanente de tesourería positivo).

É necesario aprobar os orzamentos do exercicio 2012 acompañados dun plan de saneamento financeiro e un plan económico-financiero de reequilibrio a tres anos.

Este é o meu Informe, que se emite segundo o meu saber e entender sen perxuízo doutro máis fundado con arreglo a dereito, e sen carácter vinculante, se ben a Corporación decidirá o que estime máis adecuado e oportuno.

Vilagarcía de Arousa, 16 de setembro de 2011

A Interventora

Asdo./ Carmen Gómez Otero.”

Figura así mesmo informe da Tesourería Municipal, do teor seguinte:

INFORME DE TESOURERÍA REF. 36/2011

M^a Carmen Castro Louzao, Tesoureira municipal do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, en cumprimento do disposto no artigo 9.1 do Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo,

INFORMO

O Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio ós debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, crea unha liña de crédito co ICO para a cancelación de débedas das entidades locais con empresas e autónomos.

O obxecto desta liña de crédito é permitir a cancelación das obrigas pendentes de pago con empresas e autónomos derivadas da adquisición de subministros, realización de obras e prestación de servizos.

Deberá tratarse de obrigas recoñecidas, vencidas, líquidas e esixibles pendentes de pago ou obrigas vencidas, líquidas e esixibles pendentes de aplicar ó orzamento do 2010. En calquera caso, as citadas obrigas deben ter o seu soporte material en certificacións ou documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, correspondentes a subministros, obras ou servizos entregados con anterioridade ó 30 de abril de 2011.

A liña financeira diseña-se de forma que posibilite preferentemente¹ a cancelación das débedas cos autónomos e as pequenas e medianas empresas, considerando así mesmo a antigüidade das certificacións ou documentos citados.

O importe susceptible de financiamento ascende e estará constituído polo principal das obrigas e os intereses estimados que a operación de crédito xeraría, sen que en ningún caso poidan exceder do vintecinco por cento do importe anual das entregas a conta da participación da entidade local en tributos do Estado do ano 2011, unha vez descontados os reintegros correspondentes ás liquidacións definitivas de aquela participación do exercicio 2008 e anteriores.

En base ó exposto, formouse unha relación que se adxunta ó presente informe, de obrigas vencidas, líquidas e esixibles pendentes de pago na tesourería municipal, sen diferenciar ás grandes empresas, en función da antigüidade das facturas emitidas.

A efectos de formar a relación tivéronse en conta obrigas correspondentes exclusivamente ós capítulos II e VI do estado de gastos do orzamento. Co fin de incluír só autónomos e empresas excluíronse comunidades de bens, asociacións, comunidades de propietarios, corporacións

locais, organismos públicos e organismos da administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debe facerse constar que a norma pretende unha afectación dos fondos que se perciban ó pago dos provedores que consten no listado que obra no expediente, ó dispoñer no artigo 9.1 que o acordo de aprobación deberá conter a relación identificativa e detallada das certificacións e documentos acreditativos das obrigas pendentes de pago. Deste xeito, os provedores para os que se solicite financiamento por esta vía non poderán cobrar de outra distinta.

Conclusións:

- Á vista de canto antecede, e de conformidade ca esixencia que se impón á Tesourería municipal no artigo 9.1 da norma, pola que se require que informe en relación co cumprimento do orden de prelación establecido no artigo 5.2 da mesma, considérase que tal orden de prelación se respecta no listado que se adxunta por un importe de 1.323.401,66 €, que contén 19 páxinas e constan, ordenadas por acredor ou provedor municipal, as obrigas que figuran recoñecidas ó seu favor, considerando exclusivamente o criterio de antigüidade sen ter en conta o tamaño do provedor.
- Os provedores incluídos no listado non poderán cobrar por outra vía, e deberán esperar a que resolva o ICO para, cos fondos que se obteñan co endebedamento, satisfacelos.
- Esta é unha das posibles medidas que aliviarían a falta de liquidez existente, e que permitiría ir pagando ós provedores relacionados, sen perxuízo de que se adopten medidas estruturais que permitan saír da situación actual.

Vilagarcía de Arousa, a 16 de setembro de 2011.

A Tesoureira.

Asdo.: M^a Carmen Castro Louzao

- A Sra. García Sanmartín pregunta se entran os recoñecementos extraxudiciais.

Contesta a Sra. Interventora que se se inclúen as facturas sen consignación non todas cumpren a Lei de Contratos. O ICO di que teñen que cumprir a Lei de Contratos.

- O Sr. Fajardo Recouso pide que se eliminen as grandes empresas así como as empresas que incumpren os contratos asinados co Concello. Que se reforme a solicitude e que se substitúa ás grandes empresas por pequenas e medianas empresas de Vilagarcía de Arousa e o seu entorno.

- O Sr. Pardal García di que esas empresas prestaron os servizos e deben ser pagadas.

- A Sra. García Sanmartín di que as facturas eran ata o 30 de abril de 2011 e hai facturas posteriores.

-O Sr. Pardal García contesta que as datas posteriores son de vencemento.

- A Sra. Lorenzo Fraga di que se poden meter facturas ata o 30 de abril de 2011 e pregunta se hai facturas anteriores que non están na relación.

Contesta a Sra. Interventora que están son as facturas que están aprobadas e pendentes de pago, pero hai facturas sen aprobar que non están aí.

- A Sra. Lorenzo Fraga di que se hai dúbidas en este tema se podía esperar outro mes, pero se se resolve antes é oportuno, en caso contrario podería esperar.

Sometido este asunto a votación da o seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación de solicitude e concertación de operación de endebedamento ao abeiro da liña ICO-Entidades Locais, por importe de 1.323.401,66 €

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que en nome da oposición solicita deixar o asunto sobre a mesa para retirar as facturas de grandes empresas e dar prioridade a pequenas e medianas empresas.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non debe queda para un Pleno posterior este tema, pois segundo lle indicou a Interventora non habería unha grande variación de facturas. No caso de facturas sen aprobar habería que facer un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, un expediente de modificación de créditos e as facturas de grandes empresas non son un montante total.

Indica que se o préstamo ven rexeitado polo ICO poderíase reformular de novo e pide aos Grupos que se trate este asunto e pide a súa aprobación, pois favorece o pago aos provedores.

- Intervén o Sr. Fajardo solicitando que se someta a votación deixar o asunto sobre a mesa.

- O Sr. Alcalde pregunta se tódolos grupos da oposición están de acordo coa proposta do Sr. Fajardo Recouso.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3), EU (2) e IVIL (1) e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP,

ACÓRDASE: Retirar o presente asunto da orde do día.

7.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (PISCINA).- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta de Proposta do Presidente da Fundación de Deportes do teor literal seguinte:

PROPOSTA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E OUTROS SERVIZOS.

As necesidades da Fundación de Deportes fan necesario a modificación do Acordo Regulador nº 17 en vigor, para recoller as seguintes situacións:

PRIMEIRO: Modificación da redacción do artigo 3 para unha mellor definición do feito que dará lugar á aplicación do acordo regulador.

SEGUNDO: Actualización das tarifas da piscina para recoller o incremento do IPC, segundo establece o ordenamento xurídico e o contrato de xestión de servizo público aprobado polo Pleno da Corporación.

As tarifas increméntanse un 3,3% de conformidade coa variación do IPC de xaneiro de 2010 a xaneiro de 2011.

TERCEIRO: Modificar o artigo 13 relativo á delegación de competencias na Xunta Rectora ou na Xunta de Goberno Local, para delimitar as circunstancias que afectan á competencia dun ou doutro órgano.

Por último, resultando que o estudo económico da ordenanza presenta déficit, é dicir o prezo público non cubre o custo da prestación do servizo, propónse a súa aprobación por considerar que se trata de fomentar o deporte entre os cidadáns, como actividade que facilita e promove o ben estar físico, as relacións sociais e a formación integral de toda persoa, polas súas características de ocio, saúde e formación. Tratándose polo tanto dunha actividade de Interese Público.

Vilagarcía de Arousa, 5 de xullo de 2011.

O Presidente da Fundación de Deportes

Luis Garrigós Villalba.

- O Sr. Fajardo Recouso solicita copia do contrato da piscina e pregunta por que non se reúne a Fundación de Deportes.

- Contesta o Sr. Garrigós Villalba que se están formulando uns novos Estatutos e a programación xa estaba feita para todo o ano, e se se aproban os novos Estatutos constituirase un novo Consello polo que non ten sentido reunir o actual se se vai a renovar de inmediato.

- A Sra. Lorenzo Fraga indica que a proposta fala de entrada en vigor en setembro.

A Secretaria indica que entrará en vigor a modificación da Ordenanza despois da exposición pública durante o prazo de 30 días.

Sometido este asunto a votación da o seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente, o representante do grupo político municipal de EU informa negativamente, os representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais (piscina).

- Intervén o Sr. Garrigós Villalba e indica que esta modificación non supón unha variación e trátase unicamente de aplicar a Lei de Facendas Locais. Adáptase en función da adxudicación de xestión da piscina e como é automático revisase no IPC. O artigo 3 modifica a redacción e

o artigo 13 delega na Xunta de Goberno Local o prezo público de ludotecas, etc e a aplicación do IPC. O único cambio real é o artigo 13.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que apoiaría algún apartado concreto pero como din de votar todo xunto vai a votar en contra.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Concelleiro de Deportes lles está tomando o pelo, o contrato di que se incremente o IPC interanual e corresponde ao Pleno. A empresa non cumpre co horario fixado no prego de condicións, non cumpre o contrato. Tamén incumpren no tema de persoal ao servizo do Concello, se se lle aplicara ao canon o IPC interanual a cifra a pagar ao Concello sería maior que a actual.

EU vai a votar en contra. O grupo do PP votou en contra do incremento do IPC no seu día.

Pregunta por que non se obriga a que haxa abonos de 10, 20 ou 30 usos para todo o ano. Di que pagan igual todos os nenos, están sacralizando a política da piscina municipal, fai meses que non se limpa o exterior da piscina.

EU vai a votar en contra por que os prezos debe decidilos o Pleno, e pide que se contemple abonos tendo en conta os recursos dos veciños.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga e quere chamar a atención ao Concelleiro de Deportes xa que é unha proposta de cinco de xullo de 2011 para entrar en vigor no mes de setembro. Hai unha demora na aplicación e nin sequera se molestou en actualizar a proposta.

Chama a atención a obsesión por quitar competencias ao Pleno. Houbo anos en que o Concello asumiu o pago da diferenza, o incremento do 3,3% non é a mellor maneira de fomentar o deporte, o BNG resérvase o sentido do voto.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que falta documentación e na páxina web a documentación non coincide. O pleno debe ter a última decisión sobre o tema, e esa é a intención de voto do PSOE. Indica que votarían por separado o IPC pero deben cumprir coas condicións do contrato.

- Intervén o Sr. Garrigós Villalba dicindo que EU ten outra interpretación diferente, e os horarios negociáanse e estaban xa en vixencia cando entrou o PP. Os socorristas e os monitores son os mesmos e a lexislación non pon a exclusividade, so pon que teñen que estar presentes.

O PP votou en contra de todo o paquete de medidas e de subidas de prezo en tódalas instalacións deportivas.

Os abonos están regulados. A Lei de Facendas Locais establece a delegación e aquí fórmulase a XGL para o incremento do IPC. Para as actividades de verán si estaba contemplado pola Xunta de Goberno Local.

Indica que ten unha copia dos documentos e se queren unha copia lle a entrega, e se precisan algunha documentación se lle facilita aínda que se lle entregou ao día seguinte da Comisión Informativa.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que se se votan os 3 apartados xuntos vai a votar en contra.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que se asombra do Sr. Garrigós pois di que vai a ler o contrato e non fala de modificar o horario e fala de manter o mesmo número de horas. Serviciocío formula que o abono é mellor que o bono de 10 ou 20 baños. Non se ten en conta a

menores, nin se respecta a oferta e teñen 2 persoas accidentadas con lesións de por vida. Non se cumpre o contrato en horarios, en seguridade e saúde laboral, e non están de acordo en subir o prezo.

As tarifas deben ser accesibles aos veciños. Pide que rectifiquen e esixan o cumprimento do contrato e que convoque a Fundación de Deportes.

Di que hai reclamacións económicas en contra da piscina e o PP fai o mesmo que facía a Sra. Hierro Lorenzo.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que existirá un orixinal do contrato da piscina e debe velar o Sr. Garrigós por que exista unha copia no seu departamento. Algúns concelleiros estiveron no goberno e na oposición e o PP presentouse ás eleccións dicindo que ían a solucionar tódolos problemas, e o Concelleiro de Deportes non convoca a Xunta Rectora e prescinde dese organismo.

No Pleno nomeáronse os representantes na FPSDM, en vista de que non van a modificar nada na Ordenanza, o BNG votará en contra.

Reitera a falta de documentación no expediente e tratábase de usurpar funcións ao Pleno para a Xunta de Goberno Local e non van a aprobar este cambio.

Solicita as xuntanzas da FPSDM.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PP , e once votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE (5), BNG (3), EU (2) e IVIL (1),

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais (piscina).

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REAXUSTE DAS ANUALIDADES DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO PARA A REVISIÓN DO PXOM..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Pola Secretaria Xeral dáse lectura ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de agosto de 2011, do teor literal seguinte:

“

Dáse conta do escrito da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación co axuda concedida a este Concello o abeiro da orde de 20 de abril de 2007 e a resolución da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 3 de maio, sobre reaxuste dos importes das anualidades nas que se ten distribuída a axuda. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda incluír este asunto na orde do día do pleno. ”

Non habendo intervencións sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación do reaxuste de anualidades da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio para a Revisión do PXOM tal e como figura no escrito da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai un reaxuste de anualidades e o 30 de decembro de 2010 xa se deu conta deste asunto, e agora preséntase un novo reaxuste.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que houbo un Plan Xeral en 1986, e outro no 2000, hai unha nova revisión en marcha e haberá que facer os axustes contractuais e urxe que se acaben os traballos de revisión do PXOM.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que non hai capacidade de reacción e EU urxe a retomar o PXOM por que é necesario.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que comparten a iniciativa e non están para rexeitar a axuda e debería estar aprobado o avance.

- Intervén o Sr. Mouriño Santiago dicindo que non se pode rexeitar a subvención e que se axilicen os traballos.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos concelleiros presentes (21 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar o reaxuste das anualidades da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio para a revisión do PXOM.

Procédese a realizar debate conxunto da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG e da presentada polo Grupo Municipal do PP sobre as liquidacións negativas correspondentes á participación nos ingresos do Estado.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS DEVOLUCIÓNS CORRESPONDENTES ÁS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG coa data de 15 de setembro de 2011, do teor seguinte:

“MOCIÓN

DEVOLUCIÓNS CORRESPONDENTES ÁS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO.

O actual sistema de financiamento das entidades locais foi impulsado e aprobado polo PP e mantido polos gobernos do PSOE, o que nos aboca hoxe non só a minoración dun importante montante dos ingresos dos concellos, senón á devolución das liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado (PIE), pondo en perigo o mantemento dos servizos públicos locais e a quebra económica e existencia dalgúns concellos.

Os efectos da crise, sumada á insuficiencia financeira crónica dos concellos, constitúe unha mestura explosiva que está a provocar dificultades para atender os servizos públicos.

Pero ese modelo de financiamento local, que subordina aos concellos a unha existencia de sobresaltos e angustia económica, afecta tamén á participación da Xunta de Galiza na distribución dos recursos e emprega criterios discriminatorios co noso país ao non ter en conta factores como a dispersión dos núcleos de poboación e o avellentamento, factores estruturais que impiden un axeitado modelo de financiamento ás administracións públicas locais.

Non existen medidas reais para superar esta grave situación, simplemente esixen a devolución das liquidacións negativas da PIE de xeito mecánico e administrativo, levando a cabo medidas económicas que prexudican aos concellos e á sociedade en xeral, familias, traballadores e traballadoras. E desta situación son responsables tanto o PSOE como o PP que presiden gobernos con competencias e recursos para que a situación económica tome un rumbo diferente outorgándolle un papel distinto ás administracións e garantindo o seu funcionamento normal. Xa que logo, debe establecerse de xeito urxente un aprazamento na devolución da PIE, condicionando a devolución en todo caso a que non se poña en risco a suficiencia financeira dos concellos para atender servizos públicos básicos, e tamén unha revisión a fondo do sistema de financiamento local.

Os concellos galegos, que representan aproximadamente o 65,% da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres que os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media do conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: so ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son mais altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido cómpre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000, e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos. É necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, débese integrar plenamente a transferencia da participación nos Ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a

- 1.- A que demande do Goberno do Estado a elaboración dun Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e a acordar unha moratoria no pagamento das liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado (PIE).*
- 2.- A que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da PIE, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo,*

demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do avellentamento da poboación.

3.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

Vilagarcía de Arousa, 9 de setembro de 2011.

Xosé Castro Ratón.

Non habendo intervención sometese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes do grupo político municipal do BNG informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PP, PSdeG-PSOE, EU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación da Moción do BNG sobre as devolucións correspondentes ás liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que hai un mal sistema de financiamento no ámbito do Estado para os Concellos. Hai un prazo de moratoria das liquidacións negativas de 5 anos e o BNG pide adiar sen prazo e o PP pide 10 anos. Os 5 anos son insuficientes.

Tomáronse 2 referentes comúns, o de poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) que a é recadación en cada lugar. No caso galego hai 2 elementos fundamentais, a dispersión do territorio e o avellentamento da poboación. Galicia recibe 176 € por habitante e o resto do Estado 221 € de media por habitante, e a Xunta de Galicia debe ter un papel relevante nas reivindicacións.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo ao Sr. Castro Ratón que este debate leva un longo recorrido na FEGAMP e na FEMP e piden unha moratoria ao Estado. O PP vai votar a favor da Moción do BNG e queren reclamar ao Goberno Central que aprace os pagos pendentes ata 10 anos. Os Concellos galegos están en condición de asfixia financeira, debese falar da orixe do problema.

O Goberno Central presentou uns orzamentos que non recollían a realidade e os Concellos e Deputacións Galegas teñen que devolver mais de 370.000.000 € e a situación pode agravarse mais, pois a liquidación do 2010 será negativa e agora no peor momento da crise económica hai que devolver os cartos. O importe total de Vilagarcía son 1.800.000 € a devolver, por que o Goberno Socialista non recoñecía a crise económica. En 2012 Galicia debe devolver ao Estado o 5% do orzamento anual da Xunta de Galicia.

O Goberno aínda está a tempo de facer algo positivo, é tamén unha chamada de atención ao goberno entrante.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que ambas mocións son practicamente iguais e vai a votar a favor. Pídese un balón de osíxeno para os Concellos e a solución definitiva pasará por unha nova Lei de Facendas Locais, pois non se poden asumir competencias sen recursos económicos.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que as mocións van na liña correcta. O Concello asumiu responsabilidades non municipais e o Estado debe eximir a Vilagarcía. A clave é o modelo de financiamento local e a súa revisión, pero o PP non discute os chiringuitos das deputacións.

Para os particulares non se piden moratorias nos bancos.
EU val a apoiar a Moción do BNG pero non a do PP por hipocrisía política.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se puxeron enriba da mesa exemplos, pois o Concello menos endebedado é a Illa de Arousa e o mais endebedado é Vilanova.
A crise lévase por diante aos gobernos, houbo erros de previsión, nin sequera o anterior Presidente do FMI avisou da crise económica.

O PSdeG-PSOE vai a apoiar a Moción do BNG e rexeitar a do PP pola parte expositiva.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que a Moción do BNG e a do PP din o mesmo e no PSdeG-PSOE non queren votar a favor porque é unha Moción do PP.

Sometida a votación polo Sr. Alcalde a Moción do Grupo Municipal do BNG da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos concelleiros presente no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a Moción Presentada polo Grupo Municipal do BNG sobre as devolucións correspondentes ás liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado e instar á Xunta de Galiza a:

1.- A que demande do Goberno do Estado a elaboración dun Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e a acordar unha moratoria no pagamento das liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado (PIE).

2.- A que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da PIE, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do avellentamento da poboación.

3.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA ADIAR AS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS CORRESPONDENTES Á PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PP coa data de 19 de setembro de 2011, do seguinte teor:

*O Grupo Municipal Popular no Concello de Vilagarcía de Arousa, en nome e representación do mesmo e ao amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte **MOCIÓN sobre o adiamento das liquidacións negativas correspondentes á participación nos ingresos do Estado.***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un ano máis, as entidades locais de Galicia enfróntanse á reclamación por parte do Goberno de España dunha parte das cantidades percibidas durante o ano 2009 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado.

As cantidades que teñen que devolver as entidades locais galegas como consecuencia da liquidación do ano 2009 ascenden a 264.204.197,24 €. Se sumamos este importe co correspondente ás liquidacións negativas do ano 2008 atopámonos con que o Estado está reclamando ós concellos e deputacións de Galicia un importe de 370.488.852,53 €, importe que representa case a metade do que perciben anualmente as entidades locais galegas en concepto de Participación nos Ingresos do Estado.

No caso concreto do Concello de Vilagarcía o importe a devolver ascende a 702.495,01 correspondente ó ano 2008 e a 1.075.710,70 correspondente ao ano 2009. A cota mensual durante o ano 2011 ascende a 11.708,25 e durante o ano 2012 ascenderá a 29.636,76.

Esta situación é susceptible de agravarse se, como todo semella indicar, a liquidación do exercicio 2010 resulta igualmente negativa.

A orixe do problema atópase na mala xestión do Goberno de España, presidido polo Sr. Rodríguez Zapatero que veu presentando durante os últimos anos uns orzamentos cunha previsión de ingresos que a realidade encargouse de poñer en evidencia.

A reclamación efectuada polo Goberno de España neste momento podería poñer en risco o mantemento dos servizos públicos esenciais de titularidade local, razón pola que cómpre solicitar que se adie o pagamento das cantidades a devolver cun prazo inicial de cinco anos ata un máximo de dez, do mesmo xeito que se ten comprometido o candidato a Presidente de Goberno, Mariano Rajoy, - para o caso de que gañe as eleccións - respecto das cantidades que o Estado lle reclama ás Comunidades Autónomas.

Ademais, para garantir a suficiencia financeira das facendas locais, o Goberno do Estado debería garantir, como xa fixo a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local, que ningún concello perciba menos ingresos netos en concepto de Participación nos Ingresos do Estado que os que percibiu durante o ano 2009.

Polo todos os motivos expostos, o Grupo Municipal popular proponlle ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Dirixirse ó Ministerio de Facenda do Goberno de España para solicitarlle que se adie o pagamento das cantidades a devolver correspondentes ás liquidacións negativas da Participación nos Ingresos do Estado dos anos 2008 e 2009, fixadas actualmente en cinco anos, ata un prazo de dez anos.

2º.- Dirixirse ó Ministerio de Facenda para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos netos que percibirán as entidades locais en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que percibiron durante o ano 2009, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante os anos 2010 e 2011.

Vilagarcía de Arousa, 19 de setembro de 2011

Asdo.: Marta Rodríguez Arias

Non habendo intervención sometese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación da Moción do grupo municipal do PP para adiar as liquidacións negativas correspondentes á participación nos ingresos do Estado.

Sometida a votación a Moción presentada polo Grupo Municipal do PP da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (10), BNG (3) e IVIL (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5) e EU (2).

ACÓRDASE: Aprobar a Moción presentada polo Grupo Municipal do PP para adiar as liquidacións negativas correspondentes á participación nos ingresos do Estado e:

1º Dirixirse ó Ministerio de Facenda do Goberno de España para solicitarlle que se adíe o pagamento das cantidades a devolver correspondentes ás liquidacións negativas da Participación nos Ingresos do Estado dos anos 2008 e 2009, fixadas actualmente en cinco anos, ata un prazo de dez anos.

2º.- Dirixirse ó Ministerio de Facenda para que o Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos netos que percibirán as entidades locais en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que percibiron durante o ano 2009, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante os anos 2010 e 2011.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DEROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMOBLES RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA OS EXERCICIOS DE 2010 E 2011.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG coa data de 15 de setembro de 2011, do teor seguinte:

“MOCIÓN

DEROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMOBLES RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA OS EXERCICIOS DE 2010 E 2011.

A Xunta de Galiza vén de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios de 2010 e 2011.

Os valores medios fixados para os bens inmóbeis nesa norma supoñen un incremento considerable respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galiza.

A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmobles aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza conlevará un aumento

xeneralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso Concello.

A subida media das taxacións dos inmobles que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estímase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organizacións profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais.

En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores alonxada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos mais afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.

Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz cos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man dos mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.

Por todo iso, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1.- Dirixirse ao Goberno Galego apra que:

- a. Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios de 2010 e 2011.*
- b. Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmobles que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.*

2.- Dar traslado deste acordo ao Goberno Galego e mais aos Grupos Permanentes con representación no Parlamento de Galiza.

Vilagarcía de Arousa, 4 de setembro de 2011.

Xosé Castro Ratón.

Non habendo intervención sometese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PP, PSdeG-PSOE e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación da Moción do BNG sobre a derogación da orde pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios de 2010 e 2011

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que os prezos para fixar a liquidación dos impostos de sucesións, doazóns e transmisións patrimoniais deben liquidarse polo valor que ten ese ben,

pero cando hai unha herdanza a Administración ten uns referentes que se fixan nunhas táboas, e en Vilagarcía aplícanse prezos do ano 2009 que non se sosteñen na actualidade pola crise económica, e a Orde de xullo de 2011 ten unha finalidade recadatoria e debese substituír por outra con valores actuais mais diminuídos.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que os novos prezos poden producir situacións inxustas. É inxusto aplicalas na situación actual e di que non debería aplicarse a Orde de 2011.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que se incrementan os impostos por unha vía para que non se note demasiado, e EU vai a apoiar a Moción do BNG.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que o PSdeG-PSOE leva 8 anos gobernando en España e di ao Sr. Castro que o PP non vai a apoiar a Moción e agradece que a presente para poder explicar o contido da Orde.

O obxectivo da Orde é fixar o prezo medio a valor actual de mercado e loitar contra o fraude fiscal. En outras Comunidades Autónomas hai Ordes como esta e estase a falar de seguridade xurídica e sábese de antelación o custe final da operación. A oposición e os Grupos no Parlamento de Galicia que fan: O bipartito incluíu este modelo na Lei de Orzamentos para 2008 (artigo 61) e anticipaba estes valores.

Antes valía e agora non vale, ademais no Parlamento de Galicia o PSOE votou a favor de fixar táboas para as valoracións.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que se cuestionan os valores, non se cuestiona a iniciativa.

Cuestiónanse os valores por que son os de 2009 pero hai un retroceso claro no mercado e o PP debe modificar esa Orde e ser sensibles.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (3), PSdeG-PSOE (5), EU (2) e IVIL (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP,

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a Moción do Grupo Municipal do BNG sobre a derogación da Orde pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2010 e 2011 e dirixirse ao Goberno Galego apra que:

- c. Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellería de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios de 2010 e 2011.
- d. Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmobles que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.

Dar traslado deste acordo ao Goberno Galego e mais aos Grupos Permanentes con representación no Parlamento de Galicia.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE EU SOBRE A CONVOCATORIA DUN REFERENDO PARA A REFORMA

CONSTITUCIONAL.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal de EU coa data de 20 de setembro de 2011, do teor seguinte:

“MOCIÓN

*POLA CONVOCATORIA DUN REFERENDO PARA A REFORMA CONSTITUCIONAL
O GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA NO CONCELLO DE VILAGARCÍA, PROPÓN
PARA O SEU DEBATE EN PLENO, A PRESENTE MOCIÓN
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

O pasado 26 de agosto, o PSOE a través do presidente do Goberno e de común acordo co PP, anunciou a intención de iniciar o procedemento para a reforma constitucional co fin de introducir na Constitución Española un límite no teito do gasto público das administracións, de forma que non se xere déficit ou que este sexa nunha porcentaxe moi reducida do produto interior bruto.

Esta reforma constitucional, pactada polos dous partidos maioritarios, forma parte do paquete de medidas ultraliberais dos mercados, e encamiñadas a liquidar o cativo estado do ben estar que disfrutamos, e demostra como estes partidos supostamente democráticos están ó servizo dos poderes económicos e de costas á maioría dos cidadáns do estado.

O contido da modificación altera substancialmente o contido do artigo 1 da constitución, que declara a España como un estado social e democrático, e supón un ataque á continuidade dos servizos públicos do noso país. Xa que é precisamente o gasto público o que garante o acceso universal de toda a cidadanía, a educación, a sanidade, a xustiza, os servizos sociais, as pensións...

Falar de gasto público, de limitación de déficit, sen falar de ingresos e sobre todo nun estado onde estamos á cola de gasto público por habitante da Unión Europea.

Pero ademais as formas decididas por ambos partidos para levar adiante esta reforma, de xeito acelerado, en pleno verán, sen consultar á cidadanía, sen incluír o debate nas propostas das eleccións xa convocadas, e sen realizar un referendo sobre a mesma, son un claro ataque á democracia deste país, sendo ademais o PSOE nos últimos meses utilizar dun discurso de asumir erros sobre o distanciamento da clase política e os cidadáns, medidas coma esta, supoñen un elemento máis de desarraigo xa que queda claro, que din unhas cousas e fan outras, ademais todo isto sumado a que ningún dos dous partidos levan este tema nos seus programas electorais, alguén terá que facer algún día unha reforma que obrigue a cumprir os programas electorais, ou cando menos a non contradicilos, nin a reforma laboral, nin a reforma das pensións, nin a reforma constitucional estaban no programa electoral do PSOE, que se vai a crer agora nada do que digan.

Unha medida desta relevancia non pode ser adoptada polo acordo entre dous partidos, aínda que teñan os votos necesarios para impoñela, os cidadáns deben votar un asunto tan importante como este, onde se prima o pago de débeda ós bancos, antes que os servizos públicos. A única posibilidade que nos queda e que unha décima parte dos membros das cámaras, cun mínimo sentido común, solicite a celebración dun referendo.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de esquerda unida propón a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: O Concello de Vilagarcía, manifesta a súa oposición á reforma da Constitución pactada, referida á introdución dun límite no teito do gasto público.

SEGUNDO. O Concello solicita ós Deputados e Deputadas, Senadores e Senadoras, que soliciten que esta reforma sexa sometida a referendo para a súa ratificación.

TERCEIRO: O Concello dará traslado deste acordo ó conxunto de grupos Do Congreso.

Non habendo intervencións sometese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes dos grupos políticos municipais de EU e BNG informan favorablemente, os representantes dos grupos políticos municipais do PP, PSdeG-PSOE e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación da Moción de EU pola convocatoria dun referendo para a reforma constitucional.

Auséntase o Sr. Alcalde durante uns minutos e pasa a presidir o Pleno a Sra. Rodríguez Arias.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que os dous partidos maioritarios durante o verán e con alevosía pactan esta reforma, priorízase os pagos aos bancos e eliminan servizos públicos fundamentais (sanidade e educación). Porque se cambia a Constitución cunhas eleccións á vista e podíase ese día poñer outra urna e votar esta reforma.

Aquí garántese que os bancos cobren antes.

Pide que se elimine a monarquía e cambiar o modelo de Estado, EU formula manifestarse en contra da reforma da . Di que o PSOE abandonou o marxismo e prioriza a banca, saca unha reforma que afecta negativamente aos afiliados. Os partidos deberían cumprir o programa electoral pois non ía no programa nin do PP nin do PSOE esta reforma constitucional.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que respecta profundamente a Constitución e o Sr. Fajardo Recouso ten razón en algunha cousa. Se se aprobou por referendo, para modificala debe ser por referendo, pero sería un gasto difícil de asumir e pretendían calmar aos mercados nun momento de grande crise económica.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que esta é unha reforma expres e debe ter un ámbito de discusión e aprobación popular. Neste caso é un brindis ao sol ante a Troika económica de organismos non elixidos pola cidadanía, e vai ter efectos negativos sobre o benestar social. O BNG está en contra do fondo e da forma, pois foi un secuestro expres da vontade popular.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que probablemente moitos militantes do PSdeG-PSOE poden coincidir coa esencia do plantexamento de EU, pero un tema económico desta envergadura esixía solucións.

Os socialistas abandeiraron os avances sociais nesta democracia. As pensións mínimas incrementáronse un 24% e están recortando servizos básicos en Madrid en cambio en Andalucía a educación e a sanidade sufriu un incremento.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que o PP e o PSOE son partidos democráticos. Hoxe disolvéronse as cámaras e están convocadas as eleccións xerais e a Moción é extemporánea.

Di ao Sr. Fajardo que repase o artigo 167 da Constitución e verá que iso é o que se fixo. A urxencia estaba motivada, non se podía esperar ao referendo ou ás eleccións. É unha reforma que aporta mais garantías aos servizos e a súa viabilidade financeira.

Pregunta por que non solicitaron un referendo para saber se os cidadáns querían que os Estados os endebedasen.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que non houbo Pleno en agosto. Di que se compromete un teito de gasto: primeiro os bancos e despois os servizos. Formula unha reflexión ao PSOE, rebaixas de soldos a funcionarios, incremento da idade de xubilación, reforma laboral, rebaixa das indemnizacións por despido, etc., e agora o PSOE vai defender un programa electoral e por dignidade deberían renunciar ás siglas do partido.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con cinco votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais de EU (2) e BNG (3), unha abstención, pertencente ó membros do grupo político municipal de IV IL (1), e quince votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (10) e PSdeG-PSOE (5),

ACÓRDASE: Rexeitar a moción do Grupo Municipal de EU sobre a convocatoria dun referendo para a reforma constitucional.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, DONA ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, do seguinte teor:

O Grupo Municipal de EU-IU presentou no rexistro xeral, coa data de 120 de setembro de 2011, solicitude de comparecencia da Concelleira Delegada da Área de Cultura, Dona Angeles Rodríguez Barreiro, co obxecto de dar conta das súas xestións no relativo ás festas de San Roque.

Non habendo intervencións sometese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU e IVIL informan favorablemente, os representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a comparecencia da Concelleira Dona Angeles Rodríguez Barreiro.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se incluírá no próximo Pleno.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso solicitando que a comparecencia sexa para explicar as Festas de San Roque e os últimos días de xestión da Concelleira de Cultura.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos concelleiros presentes (21 de 21)

ACÓRDASE: A comparecencia da Concelleira Delegada de Cultura no próximo pleno ordinario.

14.- INTERPELACIÓNS

Non se presentaron.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.- Polos Sres/as Concelleiros/as que se citan a continuación fórmulase os seguintes rogos e preguntas:

- A Sra. García Sanmartín solicita que se lle informe no proximo Pleno da programación cultural para os próximos meses.

Pregunta tamén sobre aubvención compostaxe doméstica e queren coñecer a resolución desa subvención.

- Contesta o Sr. Alcalde que non ten coñecemento neste momento do estado da subvención.

- A Sra. García Sanmartín di que os Veciños de Guillán piden que o Goberno Municipal se dirixa aos directivos da AAVV.

Solicita tamén o convenio asinado con Fexdega.

Fai referencia a un acto privado de 2 concelleiros, por un asunto dun golpe no vehículo dun deles e o abandono do lugar polo causante do golpe, sendo unha veciña a que chama á Policía Local e da os datos e di que os concelleiros deben ter unha conducta exemplar e pide ao Concelleiro de Seguridade que actúe.

- O Sr. Alcalde contesta que se dirixiron á AAVV.

En relación ao Convenio de Fexdega enviarálle copia do mesmo.

No relativo ao asunto dos dous concelleiros sorpréndelle que se traia este asunto ao Pleno xa que é un tema particular que se está politizando.

- Intervén o Sr. Carballo Brianes explicando que nunha manobra co vehículo tocou o coche e deulle un golpe na defensa que se atopaba atada cunhas cordas. Colleu a matrícula e foi á Compañía de Seguros e deulle os datos e asinou un parte amistoso estando tramitándose o sinistro e acudiu á Policía Local onde lle din que o coche danado é da Concelleira Susana Camiño.

- Sendo as 20:30 horas auséntase a Sra. Camiño Pérez.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que a finais do mes de xullo a AAVV de Rubians solicitou a realización de pequenas reparacións: talar 4 árbores, entre outras, e púxose en contacto co Sr. Carballo Brianes e deulle a súa conformidade.

Logo un veciño fixo unha enquisa, 41 familias a favor da petición da AAVV e 4 persoas en contra; a favor un 91%, en contra 9%.

Pregunta quen encargou a enquisa.

- Contesta o Sr. Alcalde dicindo que non ten coñecemento da enquisa, pero parece que ao Sr. Abuín lle molesta que alguén pregunte polas inxerencias dos veciños e di que descoñece o resultado da enquisa e que él non a encargou.

- O Sr. Abuín Rodríguez di ao Sr. Alcalde que pida perdón á AAVV.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga preguntando:

1.- Cantas altas deu a Xunta de Galicia en materia de Dependencia dende o mes de xuño ata o de agora.

- Contesta a Sra. Suárez Sarmiento dicindo que non hai ningunha nova alta.

2.- Cales son as xestións do Alcalde no tema da urbanización do Bosque dos Desamparados.

- Contesta o Alcalde que mañá, as 12:30 horas hai unha reunión na obra e van a poñer en marcha a finalización das obras e logo discutirán no Xulgado as partes enfrentadas.

3.- Que foi do Parque Biosaúdıable de Vilaxoán.

- Contesta o Alcalde que os aparatos están nas dependencias municipais e empezaran a colocarse de forma inmediata.

4.- A balaustrada do parque infantil da Praia de Compostela está rota.

- Contesta o Alcalde que se procederá á súa reparación.

- O Sr. Mouriño Santiago di que lamenta traer o tema do choque de vehículos ao Pleno pero o Sr. Carballo dirixiuse á Sra. Camiño hoxe por primeira vez e dirixiuse antes á Sra. García Sanmartín e repróchalle que non deixara unha nota, e en canto ao Sr. Alcalde fixo unha chamada á concelleira antes do Pleno sobre este tema.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso indicando:

- O parque infantil do Xardín de Ravella resulta perigosa a súa utilización debido ás obras que se están realizando na rúa, xa que só existe unha separación cun plástico, ademais indica que hai un banco roto.

- No Parque da Xunqueira, hai árbores con sementes e pregunta se son prexudiciais.

- Nos semáforos da Avda. Rosalía de Castro/San Xosé, hai un cruce con un semáforo pero falta no outro lado.

- A balaustrada da pista de Trabanca está estropeada e resulta perigosa.

- Pregunta á Concelleira de Servizos Sociais se ten coñecemento da sanción a Clece por incumprimentos graves e se a empresa pediu a retirada das denuncias.

- Contesta a Sra. Suárez Sarmiento que existen as denuncias, pero das sancións non ten coñecemento. Algunhas auxiliares interpretaron como ameazas as palabras da empresa aínda que non tiñan ese sentido. Tiñan unha reunión hoxe na Inspección de Traballo.

Polo público asistente fanse os seguintes rogos ou preguntas:

- O Sr. Piñeiro di que o valo de Trabanca está en mal estado.
- Solicita que se fale coa propietaria para que ceda o escudo ao Concello na edificación en ruínas próxima ao LIDL.
- Di tamén que hai que recortar en alumeado público o gasto municipal.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.